

VICTORINO PÉREZ PRIETO: *Galegos e cristiáns*, SEPT, Vigo 1995, 376 páxs.

Neste intre doulle cabo ás súas páxinas. Por un lado, paréceme o momento ideal para recensionalo e, por outro, temo que aínda estea moi apaixonada polos “goces e as sombras” que en min suscitou. Nunca indiferencia.

Un libro áxil, escrito a presión. De aí unha dobre impresión. Dunha parte, a fondura da reflexión convérteo nun ensaio sobre o que significa a galegitude cando se intenta vivir dende a fe. Non analizada desde a frialdade dunha mesa de traballo senón falando cos protagonistas –xa sexa nos escritos dos mortos, xa na vivencia dos vivos–. É toda unha tese que o tempo se encargará de confirmar. Vale moito tamén a valentía coa que enfrontou este traballo, que ninguén fixera ata agora, e que seguro non vai quedar na indiferencia nin no esquecemento. Doutra parte, o resultado é un estilo áxil e dinámico que o fai irresistible que invita a non deixalo e lelo en moi poucas sentadas.

Despois dun prólogo de Torres Queiruga, do que destaco un parágrafo que interpreta, non meu entender, o miolo mesmo do libro: “...trátase da exploración dunha posibilidade e do intento decidido de mostrar que a súa realización é posible. Fe e galegitude, ser cristián vivíndose galego e ser galego alimentado no Evanxeo son as raíces últimas do compromiso co propio país: tal é a intención que move as augas deste esforzo”; despois deste prólogo, repito, vén unha “Introducción necesaria” do autor, na que desenvolve moi seriamente a mesma interpretación de Andrés, e polo tanto, se torna ó Evanxeo, van ser dous mil anos os que se intenten abarcar para mante-la súa tese.

A continuación presenta o texto estruturado en oito capítulos: No I alude ós “Cristiáns galegos antes do galeguismo”, como son Exeria, Prisciliano e Paulo Orosio. O II céntrao nos nosos grandes poetas: Rosalía, Pondal e Curros (moi discutido, inxustamente, no seu cristianismo). O III: Faraldo, Aurelio Aguirre e Alfredo Brañas. O IV: Os eclesiásticos: Pardo de Andrade, Lago González, López Ferreiro, Saco e Arce, Crecente Vega, Chao Ledo, Rey Soto, Rey Romero, Amor Ruibal, Paulino Pedret, Aller Ulloa, Basilio Alvarez, etc, etc. O V vai adicado á Xeración Nós, da que o autor é especialista, como demostrou no seu libro do mesmo título (Galaxia, 1988). O VI a unha muller, Francisca Herrera, e a outros poetas coma Iglesia Alvariño, Noriega Varela, Amado Carballo, Celso Emilio, Cunqueiro e Díaz Castro. Con este capítulo remata a parte que podemos chamar “histórica” e xa coa visión pasada polo tempo e a crítica.

Nos dous derradeiros capítulos ocúpase da realidade actual, dos vinte ou trinta anos que moitos de nós xa vivimos. É á forza menos “pasado pola peneira”, pola imposibilidade de ter aínda crítica suficiente. A algúns vai resultarnos incompleta, imos quedar con desexos de máis. Todos teríamos moito que dicir, étrannos ganas de darlle o noso enfoque... pero ningún dos lectores fomos capaz de face-lo libro... Resulta seguramente inevitable esta percepción que non quita nada os méritos dun intento de reflexar dende a confrontación evanxélica tanto esforzo galego-cristián. Cando nos sentimos coautores –ei-lo valor– sentímonos con dereito a acolle-la nosa cámara e enfocar pola nosa conta, –ei-lo inxusto–. O tempo irá perfeccionando esta realización que vai ter tódalas características das primicias. Non é fácil atopar un libro de compromiso cristián onde teñan tanta cabida os leigos, e as mulleres... o prólogo subliña esta coincidencia casual de que sexan dúas mulleres as que abren e pechan o libro. Son dez páxinas o que abarca o listado de nomes citados. E ben sabémo-lo risco que conleva de ausencias e posibles xerarquizacións discutibles.

O contido destes dous capítulos é: no VII: Un Bispo, algúns curas, frades e monxas. No VIII: Leigos no nacionalismo de dereitas e de esquerdas. Hai que dicir que estes dous capítulos contan con 228 páxinas das 366 que ten o libro.

Seguro que vai ser fonte inexcusable de información e un elo máis do que consideramos teoloxía da galegitude. Esperemos que contribúa tamén ó recoñecemento da contribución dos crentes na construción do país. É verdade que a Igrexa foi, e aínda é, moi culpable de desgaleguización e da falta de compromiso serio pola afirmación do pobo galego. Pero identificala Igrexa só coas súas xerarquías ou con determinados sectores é algo que nestes albores do século XXI temos que superar. A Igrexa tamén está nestes crentes que loitan pola liberación dende principios evanxélicos.

O autor veu de fóra e incorporouse nos anos oitenta a esta realidade da Galicia actual. Admira sobre todo a cantidade de ilusión e de ganas de traballar que esta realidade espertou nel e que encheu xa de realizacións estes anos da súa vida. Os que o tratamos podemos dar testemuño diso, e isto está aí coma un feito que fala por si mesmo. Anímovos a todos e todas a lelo, pasáredelo moi ben aínda que sufrades un pouquiño... por non teres escrito vós o libro...

Engracia VIDAL